

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

**8, 9 E 10
XUÑO 2018**

**GAIÁS, CIDADE
DA CULTURA**

**I ENCONTRO
GALEGO
DE CULTURA
POPULAR:
BAILE E MÚSICA
TRADICIONAL**

**CONCERTOS, OBRADOIROS,
FEIRA, CONFERENCIAS
E MOITO MÁIS**

CIDADEDACULTURA.GAL



ORGANIZA



**FUNDACIÓN
CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA**



**XUNTA
DE GALICIA**

COLABORA

AGADIC



**Axencia Galega das
Industrias Culturais**

SERÁN_01

I Encontro Galego de Cultura Popular: Baile e Música Tradicional

8, 9 e 10 de xuño de 2018
Gaiás–Cidade da Cultura de Galicia
Santiago de Compostela
Entrada de balde
cidadedacultura.gal



Serán é un dos termos cos que se denominan as ruadas, foliadas e fiadeiros que se realizaban nas vilas e aldeas ao caer da tarde, onde os veciños bailaban, cantaban e compartían historias. Estas xuntanzas festivas, que foron claves na transmisión da cultura popular galega, seguen a ser hoxe unha expresión do dinamismo do folclore galego.

Con este espírito nace *Serán_01*, o *I Encontro Galego de Cultura Popular: Baile e Música Tradicional*, unha gran festa para celebrar a próxima declaración do baile tradicional como Ben de Interese Cultural (BIC) e amosar a riqueza etnográfica, folclórica e creatividade tradicional de Galicia, tanto amadora como profesional.

Con 45 espectáculos e máis dun milleiro de artistas, o *Serán_01* converterase no evento máis ambicioso realizado ata o momento en torno á cultura popular. Ao longo de tres días congregaranse no Gaiás moitos dos nomes máis relevantes do noso folclore, pero tamén asociacións culturais, asociacións de veciños, escolas municipais de folclore, ademais de

integrantes de sectores relacionados a nivel artístico, técnico ou artesanal.

En *Serán_01* estará representada tamén a industria relacionada coa tradición: desde artesáns do tecido, da confección, do calzado, da ourivería, luthiers e artesáns de instrumentos tradicionais, así como asociacións e federacións ou promotores de festivais. Deste xeito, o evento servirá de espazo para o establecemento de contactos, clientes e relacións comerciais.

Dirixido a todo tipo de público, sexa parte activa da música e o baile tradicional ou non, o evento ten entrada libre e de balde e busca dar a coñecer as nosas artes e patrimonio inmaterial.

O BAILE GALEGO, BEN DE INTERESE CULTURAL

Galicia é un dos países de Europa que ten o folclore máis vivo e calcúlase que arredor de 40.000 persoas, desde nenas e nenos ata maiores, forman parte de grupos folclóricos



dentro e fóra da comunidade. Non se trata só da actividade de asociacións locais senón que provén dunha longa historia de traballo no estudo, documentación, valoración e transmisión da identidade galega a través das súas expresións culturais e en especial do baile.

Desde mediados do século XIX, produciuse un amplo esforzo de revitalización da cultura tanto desde posicións intelectuais como por parte de iniciativas derivadas das masivas migracións, especialmente a América. O baile é hoxe unha expresión artística destacada, ademais dunha ferramenta de identificación social, que contribúe á cohesión das comunidades e que propicia unha canle de comunicación lúdica e activa. Deste xeito o baile tradicional é unha mostra relevante da identidade do pobo galego, así é asumida na actualidade e é unha das súas imaxes e actividades icónicas en especial para as comunidades residentes no exterior.

Para contribuír á protección e salvagarda do baile tradicional galego como manifestación artística e cultural propia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

a través da Dirección Xeral de Patrimonio, vén de incoar o procedemento para declaralo Ben de Interese Cultural (BIC), como manifestación do patrimonio inmaterial de Galicia.

DIRECCIÓN ARTÍSTICA DE SERÁN_01

Quique Peón

Coreógrafo, investigador, intérprete e docente no ámbito da música e a danza tradicional galega. A súa actividade profesional céntrase na investigación etnográfica cun extenso traballo de campo con centos de bailes, danzas melodías e traxes que recuperou e cos que conseguiu importantes premios a nivel nacional e internacional. Dirixe desde 1982 o Grupo de Música e Baile Tradicional Xacarandaina. Na actualidade desenvolve as súas inquietudes interpretativas e experiencias creativas dentro da compañía 'Quique Peón Cía'. No eido folque, co-lidera o grupo Radio Cos (grupo oficial Womex 2018).

Avance do programa



Do venres 8 de xuño ás 16:00 horas ata a tarde do domingo 10, a Cidade da Cultura acollerá diversas actividades relacionadas coa cultura popular e o baile e música tradicional, en múltiples localizacións e de maneira continua durante as tres xornadas.

O programa inclúe desde espectáculos e actuacións musicais a contidos formativos, obradoiros infantís, ademais dunha zona de mercado, exposicións e un desfile de traxes tradicionais:

– **Festival Folclórico:** No que participarán moitos os mellores grupos de danza folclórica tradicional de Galicia.

– **‘Foliadón’:** Ao longo de cinco horas, centos de artistas reuniranse nunha gran foliada na que compartirán escenario, man a man, artistas consagrados de Galicia, grupos de música e baile tradicional e informantes – persoas procedentes de aldeas de toda Galicia, auténticos transmisores da nosa cultura tradicional–.

– **Concerto Coros Históricos:** Man a man entre o coro Toxos e Flores (Ferrol), o máis antigo de Galicia con máis dun século de historia, e De Ruada (Ourense), que cumpre este ano o seu centenario.

– **Desfile do traxe Sete varas, un refaixo:**

Tanto de traxes tradicionais antigos como de reconstrucións fieis á tradición, procedentes das distintas comarcas galegas e que amosarán a variedade e riqueza do traxe tradicional.

– **Feira:** Con stands de todo o sector vinculado á cultura popular: artesáns do tecido, da confección, do calzado, da ourivería, luthiers e artesáns de instrumentos tradicionais, asociacións e federacións, organización de festivais, empresas prestadoras de servizos e festivais... etc.

O *Serán_01* contará tamén con obradoiros para a cativada e para o público adulto en torno a temas como o traxe tradicional, os xogos populares, os zocos... O evento estará amenizado por pasacalles e actuación de cuartetos de gaita, charangas e pandeireteiras e o programa incluírá tamén unha mostra de mantón antigo, conferencias, mesas redondas, presentacións de libros e editoriais relacionadas co sector, proxección de curtas, así como food-trucks e polbeiras para que os visitantes poidan pasar todo o día no Gaiás.



Cidade da Cultura

A Cidade da Cultura preséntase como un punto de conexión de Galicia co resto do mundo e un motor para impulsar proxectos culturais innovadores. Construída no cumio do Gaiás, un dos montes que rodean Santiago de Compostela, o arquitecto norteamericano Peter Eisenman deseñou esta “cidade” que semella xurdir da terra para erixirse como unha icona da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.

Este espazo, destinado á cultura, ao emprendemento e á tecnoloxía, acolle catro institucións culturais:

MUSEO CENTRO GAIÁS. A súa beleza e flexibilidade convérteno no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais e espectáculos de artes escénicas. Neste 2017 celebramos os seus 5 anos de vida como centro cultural e artístico da Cidade da Cultura.

BIBLIOTECA E ARQUIVO DE GALICIA. Preservan a memoria bibliográfica e documental da comunidade e actúan como cabeceiras da rede pública de bibliotecas e arquivos.

CENTRO DE EMPRENDEMENTO CREATIVO. Acolle a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC), que impulsa o tecido empresarial no sector cultural, un espazo de *coworking*, un viveiro de empresas e unha área de empresas TIC que engloba o proxecto de *crowdworking* 'Galicia Open Future' de Telefónica, 'Connecting for Good Galicia' da man de Vodafone e o 'Centro de Excelencia en Intelixencia de Negocio' liderado por HP.

CENTRO DE INNOVACIÓN CULTURAL (CINC). É sede da Fundación Cidade da Cultura e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que aglutina os servizos tecnolóxicos da Administración galega.

ESPAZOS NATURAIS. O Bosque de Galicia, o Xardín Literario e o Parque do Lago son os tres espazos verdes cos que conta o Gaiás. Tres lugares nos que gozar da natureza, descansar, practicar deporte e hábitos de vida saudable a través da súa rede de sendas e admirar novas caras da cidade de Compostela.

Información práctica

8, 9 e 10 de xuño de 2018

Gaiás—Cidade da Cultura de Galicia

Santiago de Compostela

Venres 8 a partir das 16h

Sábado 9 e Domingo 10 a partir das 10h

Entrada de balde

Espazos:

- Museo Centro Gaiás
- Espazos exteriores

Bus ao Gaiás: Liña 9 e C11

Máis información en cidadedacultura.gal

ORGANIZA



COLABORA



FONDO GAIÁS DA EMPRESA GALEGA

//ABANCA

//Afundación

INDITEX

INVERAVANTE



Fundación Barrié

^BSabadell





SE
RÁN'

01

ORGANIZA



FUNDACIÓN
CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA

COLABORA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais